ACTA NÚMERO: **44/2026**

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2026.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 29 de outubro de 2026 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: Dona María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do grupo provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:
- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria xeral da Deputación.
-Don Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda de Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 22 de outubro de 2026 (Reunión 43/2026).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Sweet Nocturna, S.L. (B36998524) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitario do festival Underfest 2026, a celebrar no concello de Vigo os días 13, 14 e 15 de novembro de 2026, incluído na marca Rías Baixas Fest. (Expte.- 2026065982).*
3. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña". (Expte.- 2026030393).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña". (Expte.- 2026030393).*
5. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o campamento da A Lanzada 2027. (Expte.- 2026033936).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o campamento da A Lanzada 2027. (Expte.- 2026033936).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e as ofertas avaliables mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Subministración e mantemento de licenzas para a actualización da infraestrutura de control de acceso dos usuarios e dispositivos á rede corporativa da Deputación de Pontevedra.". (Expte.- 2026060205).*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal e Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GV17DSNINOY6LUE5

1. ***Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 22 de outubro de 2026 (Reunión 43/2026).***

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 22 de outubro de 2026 (Reunión 43/2026).

2. ***Dar conta da oferta presentada pola empresa, Sweet Nocturna, S.L. (B36998524) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitario do festival Underfest 2026, a celebrar no concello de Vigo os días 13, 14 e 15 de novembro de 2026, incluído na marca Rías Baixas Fest. (Expte.- 2026065982).***

Por Resolución Presidencial número 2026008182 de data 09/10/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade, da contratación do patrocinio publicitaria do festival Underfest, a celebrar no concello de Vigo os días 13, 14 e 15 de novembro de 2026, incluído na marca Rías Baixas Fest.

Na citada resolución procedeuse a invitar á empresa SWEET NOCTURNA, S.L. (B36998524) a presentar proposición económica, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado dende a data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que se produce o día 13/10/2026.

A empresa SWEET NOCTURNA, S.L. (B36998524), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado (sen IVE)	17.000,00 €
IVE (21 %)	3.570,00 €
Importe ofertado con IVE	20.570,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa SWEET NOCTURNA, S.L. (B36998524), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitaria do festival Underfest, a celebrar no concello de Vigo os días 13, 14 e 15 de novembro de 2026, incluido na marca Rías Baixas Fest.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GV17DSNINOY6LUE5

3. ***Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña". (Expte.- 2026030393).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 4 de setembro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra *"Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña".*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de setembro de 2026 Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES FECHI SL

A Mesa de Contratación na reunión do día 1 de outubro de 2026 tamén procedeu a apertura dos sobres "A", no que figuraba á documentación técnica aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, con data 20 de outubro de 2026, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABALLO	PLAN DE ACTUACIONS MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	19,00	3,00	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	15,00	3,00	18,00

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GV17DSNINOY6LUE5

A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e vías Provinciais de data 20 de outubro de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña".*

4. ***Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña". (Expte.-2026030393).***

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña* ".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	18,00

A continuación o Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desencriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GV17DSNINOY6LUE5

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	200.957,03 €	3,00%	36 MESES	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	217.415,37 €	3,00%	36 MESES	SI

De conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares (PCAP) para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACIÓN SOBRE "B"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADO 9001	
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	25,53	5,00	5,00	5,00	40,53
CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	0,00	5,00	5,00	5,00	15,00

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña*", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00	40,53	58,53
2ª	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	15,00	37,00

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GV17DSNINOY6LUE5

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, para que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento á empresa CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U..(C.I.F. B-36258861), de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado.....200.957,03 €
IVE (21%) ..... 42.200,98 €
Importe Total..... 243.158,01 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U..(C.I.F. B-36258861)figura inscrita no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia (número 3867), acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia e acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social , así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U..(C.I.F. B-36258861), mediante comunicación electrónica para que aporte no prazo de sete días hábiles, a contar dende o día seguinte á notificación do requirimento, a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.

- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GV17DSNINOY6LUE5

- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios materiais propios ou alleos que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- Planta para a fabricación de formigóns bituminosos (mesturas bituminosas en quente) cunha capacidade mínima de 100 toneladas á hora que non diste máis de 100 km por estrada da obra.

- Equipo de extensión de mesturas bituminosas en quente.

c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 10.870,77 €.

5. ***Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o campamento da A Lanzada 2027. (Expte.- 2026033936).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, na sesión de data 15-10-2026, procedeuse á desencriptación e descarga da documentación dos sobres "B", correspondentes ás ofertas avaliables mediante xuízos de valor, presentadas polas empresas ó procedemento referenciado.

Unha vez descargadas as ofertas, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica ao servizo de Xuventude e Reto demográfico.

Con data 22-10-2026, a Xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico emitíu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (CSV: 5I8WHK4TWEIAQ2A7). As puntuación obtidas son as seaguintes:

EMPRESA LICITADORA	1. CALIDADE DOS PRODUTOS (30 PUNTOS)	2. PLAN DE CONTROL E AVALIACIÓN DA CALIDADE DO SERVIZO (10 PUNTOS)	3. ORGANIZACIÓN DOS MEDIOS PERSONAIS (3 PUNTOS)	TOTAL (MÁX. 43)
Alimentación Saludable Gallega	10,5	9,00	2,00	**21,50**
JARDANAY	19	9.00	2.00	**30,00**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GV17DSNINOY6LUE5

A Mesa de Contratación, en base a dito informe, acorda:

1) Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas na valoración da documentación técnica dos Sobres "B".

2) Proceder á apertura dos Sobres "C", relativos ás ofertas avaliables mediante criterios automáticos, das empresas admitidas e que alcanzaron o mínimo do 50% da puntuación máxima permitida no Sobre B.

6. ***Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o campamento da A Lanzada 2027. (Expte.- 2026033936).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, unha vez aprobada a valoración da documentación contida nos Sobres "B", procédese a continuación á apertura dos sobres "C", correspondentes coas ofertas avaliables mediante fórmulas, das empresas admitidas que non resultaron excluídas.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres "C", correspondentes coas ofertas avaliables mediante criterios automáticos, presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GV17DSNINOY6LUE5

Os valores ofertados foron os seguintes:

JARDANAY S.L. B15754682

1. **Prezo ofertado para o ano 2027:**

Importe sen o IVE:	167.750,00 €
IVE(10 %):	16.775,00€
Importe total ofertado:	184.525,00€

2. **Acreditación dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN ISO 9001 ou equivalente, ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.**

Criterios	SI	NON
A empresa acredita a disposición dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN ISO 9001 ou equivalente, ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.	☐	☒

3. **Acreditación dun "Sistema de xestión de seguridade alimentaria", Certificación ISO 22000 ou equivalente.**

Criterios	SI	NON
A empresa acredita a disposición dun sistema de xestión de seguridade alimentaria, Certificación ISO 22000 ou equivalente, ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.	☒☐	☐

4. **Oferta da empresa de empregar materiais biodegradables para envolver os menús en frío e picnic.**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GV17DSNINOY6LUE5

Criterios	SI	NON
A empresa oferta o emprego de materiais biodegradables para envolver os menús en frío e picnic.	☒	☐

5. **Oferta do emprego do sistema 4 RS (Reducir, reutilizar, reciclar e revalorizar) e o emprego de materias primas alimentarias en formatos e envases que reduzan a cantidade de residuos e produtos de limpeza que cumpran cos requisitos legais e ambientais.**

Criterios	SI	NON
A empresa oferta a posibilidade **empregar do sistema 4 RS (Reducir, reutilizar, reciclar e revalorizar) e o emprego de materias primas alimentarias en formatos e envases que reduzan a cantidade de residuos e produtos de limpeza que cumpran cos requisitos legais e ambientais**	☐☒	☐

ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA S.L. B-27831783

1. **Prezo ofertado para o ano 2027:**

Importe sen o IVE:	154.000 €
IVE (10%):	15.400 €
Importe total ofertado:	169.400 €

2. **Acreditación dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN ISO 9001 ou equivalente, ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.**

Criterios	SI	NON
A empresa acredita a disposición dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN ISO 9001 ou equivalente, ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.	☒	☐

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GV17DSNINOY6LUE5

3. **Acreditación dun "Sistema de xestión de seguridade alimentaria", Certificación ISO 22000 ou equivalente.**

Criterios	SI	NON
A empresa acredita a disposición dun sistema de xestión de seguridade alimentaria, Certificación ISO 22000 ou equivalente, ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.	☒	☐

4. **Oferta da empresa de empregar materiais biodegradables para envolver os menús en frío e picnic.**

Criterios	SI	NON
A empresa oferta o emprego de materiais biodegradables para envolver os menús en frío e picnic.	☒	☐

5. **Oferta do emprego do sistema 4 RS (Reducir, reutilizar, reciclar e revalorizar) e o emprego de materias primas alimentarias en formatos e envases que reduzan a cantidade de residuos e produtos de limpeza que cumpran cos requisitos legais e ambientais.**

Criterios	SI	NON
A empresa oferta a posibilidade **empregar do sistema 4 RS (Reducir, reutilizar, reciclar e revalorizar) e o emprego de materias primas alimentarias en formatos e envases que reduzan a cantidade de residuos e produtos de limpeza que cumpran cos requisitos legais e ambientais**	☒	☐

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incursa en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GV17DSNINOY6LUE5

7. ***Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e as ofertas avaliables mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Subministración e mantemento de licenzas para a actualización da infraestrutura de control de acceso dos usuarios e dispositivos á rede corporativa da Deputación de Pontevedra.". (Expte.- 2026060205)***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Resolución Presidencial nº 2026008104, de data 08/10/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración e mantemento de licenzas para a actualización da infraestrutura de control de acceso dos usuarios e dispositivos á rede corporativa da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 09/10/2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e ofertas avaliables mediante xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descifradas e descargadas as ofertas presentadas, a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GV17DSNINOY6LUE5

Firmado por: MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ - ***9585**
Cargo: Deputada delegada
Data: 04/11/2026 13:49

Firmado por: PABLO MONTERO CARRERA - ***2658**
Cargo: Xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
Data: 04/11/2026 13:03

- SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (A33117995)

A continuación, acórdase trasladar a documentación técnica ó servizo xestor do contrato para a súa valoración.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e quince minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GV17DSNINOY6LUE5